



Os sindicatos maioritarios estatais asinanlle á patronal as táboas salariais de 2023 só para persoal en pago delegado

A CIG-Ensino non só non cedeu a esta chantaxe patronal, senón que denuncia que non se acadasen melloras e se deixe tirado o resto de persoal sen pago delegado, máis cando todas as organizacións sindicais asinamos comunicados conxuntos neste sentido.

Despois de **máis de 5 mesas “negociadoras” nun ano**, con **varios comunicados conxuntos de todos os sindicatos denunciando unha actitude patronal irresponsable e de mala fe negociadora**; reivindicando asinar antes as táboas salariais de 2023, e que fose **para todo o persoal traballador** (desde fai un par de mesas negociadoras, asinar tamén as de 2024) agora cambian de rumbo. **Os sindicatos maioritarios estatais (FSIE, USO e UGT, desta vez CCOO non asinou porque non lles facía falta) volven dicir “amén” ás patronais do sector, rubricando as táboas salariais de 2023 só para o persoal en pago delegado** (en precario e sen recuperación de poder adquisitivo perdido), **a cambio de prorrogarlle o VII convenio estatal un ano máis**. Trátase dunha clara chantaxe patronal sen acadar a parte social unha soa mellora real e significativa con este acordo. Ademais **deixan tirado o persoal sen pago delegado (PAS, P.C... os máis precarios salarialmente)**, que está pendente de cobrar un 1% a maiores do 2,5% asinado en 2023, debido aos dous incrementos do 0,5%, tal e como recollía o Acordo de “perdas” de 2022, pois **a patronal quere aplicalo nas táboas de 2024, perdendo así os atrasos dese 1% de todo o ano 2023**.

No ano 2021, CCOO, FSIE, USO e UGT asinaban o VII Convenio Colectivo co compromiso de crear “grupos ou comisións de traballo” nas que se avanzase, desde aquel intre, en temas tan importantes como **a xornada do persoal docente, a clasificación profesional, a desconexión dixital...** e neste tempo non se tratou ningún. Isto xa o denunciámos dende a CIG-Ensino ao asinarse dito convenio, que se trataba de vender fume atrasando negociacións importantes



e demandadas do persoal traballador, e non nos equivocamos en nada. Esta práctica xa se fixo en convenios anteriores e noutros sectores co mesmo resultado.

Ben, pois agora para esta prórroga do VII convenio, esixida pola patronal para asinar estas táboas de 2023 (que xa se estaban cumprindo agora en todas as CCAA co pago delegado, polo que non tiñan urxencia), revenden o mesmo fume cun acordo “envoltorio” no que din que van facer en un ano o que non fixeron en tres. Ademais venden como outro logro que a esmola dos 15€ para salarios base (SB) por debaixo do SMI, de traballadores/as con un ou máis trienios, prorrogarase para as táboas de 2024, permitindo que se sigan absorbendo trienios para poder chegar estas categorías máis baixas ao SMI e, por tanto, non ter subas. Agora si, cobrarán 15€ máis de SB que quen acabe de chegar á empresa. Desde a CIG-Ensino sempre esiximos, sendo os únicos, que o SB mínimo fose igual ao SMI. No acordo introdúcense temas obrigados a tratar por lei (LGTBI) pero ningunha mellora real das que demanda o persoal traballador.

Por último, a CIG-Ensino quiere denunciar a actitude sectaria e contraria ao que debera ser a Negociación Colectiva por parte dos asinantes, sindicatos e patronais, das “Táboas salariais de 2023” e do “Acordo de prórroga do VII convenio” ao non facernos chegar os documentos asinados, motivo polo que facemos pública esta información sen asinar e con atraso, á espera a que nos chegara, pois neste sector non se tiña producido tal feito. Tense producido outro, que tampouco comparte a CIG, tal como non figurar os non asinantes nas actas finais de acordos, táboas ou mesmo convenios, que son as que se visualizan no BOE ou no DOG, nunha clara ocultación pública de quen disente ou non traga con todo.

Ligazón á información das táboas salariais de 2023

TABLAS SALARIALES 2023

PERSONAL DOCENTE EN PAGO DELEGADO

CONFECCIONADAS PARA 14 PAGAS



Ligazón ao Acordo de prórroga do VII convenio

ACUERDO DE PRÓRROGA DEL VII CONVENIO COLECTIVO DE EMPRESAS DE ENSEÑANZA PRIVADA SOSTENIDAS TOTAL O PARCIALMENTE CON FONDOS PÚBLICOS

Reunida la mesa negociadora, las organizaciones patronales EyG, CECE, Fed-ACES y APSEC y las sindicales FSIE, USO y UGT Servicios Públicos, consideran adecuado proceder a la prórroga del actual convenio colectivo, continuando a lo largo de la misma con la negociación de temas y aspectos importantes, y con este fin,



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal